

CIRCULAR 266

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XULLO 2017



XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo,

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación e Responsable da páxina web



José Manuel Oreiro Blanco

Secretario / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaría / Responsable de Emprego e do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa, Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde



Alejandra Fernández Rodríguez

Vogal

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 267 e sairá a principios do mes de setembro de 2017.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de agosto de 2017.

5	Información Xeral
18	Información das Seccións
23	GIPCE
21	Comisión de Ética e Deontoloxía
24	Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo
26	Grupo de tráfico e seguridade
27	Comisión psicoloxía do deporte
28	Grupo de traballo de psicólogos e psicólogas dos CIMS

Editorial

Cultura e psicoloxía

A capacidade para o manexo de símbolos é sen dúbida a característica que mellor marca a diferenza entre os humanos e o resto dos animais; esa é unha capacidade que permite aprender e transmitir coñecemento cifrado dunha xeración á seguinte, cuxo contido vai estar determinado polo contexto tanto temporal como territorial. Polo tanto, podemos afirmar que esa capacidade de manexar coñecemento simbólico é a característica por antonomasia dos humanos.

Desde esta óptica podemos afirmar que non se pode entender un determinado individuo se non se interpreta dentro do contexto cultural ao que ese individuo pertence. Dentro da cultura caben, polo tanto, todas as expresións que se aprenden e transmiten tanto pola oralidade como polas expresións que precisen un soporte material. Dentro deste segundo grupo destacamos a creación artística representada polas artes plásticas, que van desde os gravados nos ancestrais dolmens ata as pinturas da Capela Sixtina, pasando polas covas de Altamira; destacando tamén a música e a literatura. A psicoloxía, como disciplina que trata de entender o ser humano, tanto individual como colectivamente, ten que valorar necesariamente estes aspectos culturais.

Por outro lado, e entrando xa a falar das sociedades occidentalizadas, podemos entender que hoxe conviven tres sistemas

culturais que están en permanente interacción e que deben ser analizados para ver a súa influencia tanto no individuo como na súa calidade de vida. Estes tres tipos de cultura son, por unha banda, a cultura tradicional que vén de atrás, por outra banda, a cultura global que se superpón e se transmite especialmente polos medios de comunicación, e, por outra, a cultura popular. A cultura popular, se imaxinamos estes tres tipos de cultura como sendo capaz, sería a do centro, a que recibe influencias das outras dúas, ambas importantes para entender e definir esta, que, por outro lado, é na que se produce e transmite a cultura hoxe en día. Se eliminamos a cultura global, a cultura popular ficaría como cultura só tradicional, como foi historicamente; e se eliminamos a cultura tradicional, a cultura popular ficaría como apenas cultura global, é dicir, cultura de consumo, mais sobre a que non podemos deixar a nosa pegada. Os pobos, ou colectivos humanos, que mellor tezan estes dous aspectos, o tradicional e o global, serán sen dúbida os que constrúan unha cultura popular máis satisfactoria para os seus integrantes, na medida en que permite conservar aspectos que son esenciais para a súa identidade e benestar, e será tamén a que máis influencia pasará a ter na cultura global, pois nada pode ofrecer a cultura global se se limita a ser espello desta e nada de orixinal ten.

Por tanto, fomentar a creación artística é fomentar a creación de aspectos constituíntes desta cultura popular; e ese é precisamente o propósito das iniciativas que desde o Colexio Oficial de Psicoloxía estamos a levar a cabo. Promovemos as exposicións de artes plásticas nas dependencias do noso colexio, que con ese fin foran adaptadas. Con esa mesma finalidade creamos o concurso literario, que vai xa na súa décima convocatoria, e que, mesmo sendo modesto desde o punto de vista económico, é ambicioso desde o punto de vista dos fins que persegue, conseguindo que a participación con obras inéditas tanto de narrativa como de poesía sexa elevada e se manteña ao longo de todas as edicións do premio. Desde esta pequena nota queremos facer un convite colectivo para que todas e todos contribuíamos coas nosas creacións ao noso colexio e ao mundo, porque, como se adoita dicir, só aquilo que facemos vai ter a oportunidade de existir.

Relacións Institucionais



Mª Rosa Álvarez Prada

A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada:


■ Mantivo unha reunión sobre o convenio de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela o 27 de abril coa directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Mª Amparo González Méndez, e o director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, para tratar sobre a situación da mediación en Santiago de Compostela.

■ Asistiu a unha reunión coa deputada de Igualdade da Deputación da Coruña, Ánxela Franco Pouso, para presentar as IX Xornadas Estatais da Psicoloxía contra a Violencia de Xénero: «Abrindo o foco: a violencia de xénero, un problema con rostros», que se celebrarán os días 24 e 25 de novembro en Santiago de Compostela, celebrada o 6 de maio na Coruña.

■ O pasado 7 de xuño asistiu á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do cal a decana forma parte representando a Unión Profesional de Galicia.

■ Xunto co vicedecano e coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación do COPG, Hipólito Puente Carracedo, asistiu a unha reunión con membros do Servizo de Mediación do Colegio Provincial de Abogados de A Coruña para tratar sobre o servizo da mediación na Coruña, celebrada o pasado 14 de xuño na Coruña.

■ Asistiu representando a Unión Profesional de Galicia á inauguración da nova oficina de Previsión Sanitaria Nacional (PSN) de Pontevedra o pasado 15 de xuño.



Rosa Cerqueiro Landín

A vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG e membro do Grupo de Traballo entre o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Rosa Cerqueiro Landín, asistiu á reunión para a coordinación dos medios de comunicación sobre a prevención do suicidio, convocada pola Subdirección de Planificación e Programación Asistencial da Consellería de Sanidade e que tivo lugar o 27 de abril en Santiago de Compostela.

A vicesecretaria do COPG e coordinadora da Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo do COPG, M^a Concepción Prado Álvarez, asistiu á reunión da Comisión de Intrusismo Profesional de Unión Profesional de Galicia que se celebrou o 21 de abril na Coruña.

O coordinador do Programa Abramos o Círculo de atención psicolóxica especializada a homes que queiran aprender a resolver conflitos sen violencia, Rubén Villar Trencó, participou en representación deste Colexio Oficial na reunión do Observatorio Galego da Violencia de Xénero do Subgrupo Técnico de Traballo constituído no GT1, encargado da elaboración dun protocolo de coordinación institucional fronte á violencia de xénero na CCAA de Galicia, que tivo lugar o día 2 de xuño en Santiago de Compostela.

A vicepresidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Leonor Galiana Caballero, participou na sesión extraordinaria do Pleno do Consello Galego de Benestar Social celebrada o 6 de xuño en Santiago de Compostela.

A representante do COPG no Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela, Rocío García Calvo, acudiu o 20 de xuño á xuntanza de dito Consello.

En representación do Colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

■ Xunto coa coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero, M^a Concepción Rodríguez Pérez, asistiu á conferencia institucional a cargo de D. Martiño Noriega Sánchez, alcalde de Santiago de Compostela, que se celebrou o 23 de maio en Santiago de Compostela.

■ Xunto co secretario do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, mantivo unha reunión co director da Asociación Arela, Julio



M^a Concepción Prado Álvarez



Rubén Villar Trencó



M^a Leonor Galiana Caballero



Rocío García Calvo

Barreiro González, e coa coordinadora do Programa Convive. comigo - Vida en familia para adolescentes, Ánxela Álvarez. O motivo desta reunión foi dar a coñecer este novo programa que se vai poñer en práctica. Celebrouse o 20 de xuño en Santiago de Compostela.



Momento da reunión

A vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, Eva Muíño Gómez e Israel Villar Enjo participaron os días 11 e 12 de maio no Foro da Innovación e o Emprego na Economía Circular (FIE) celebrado no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela, organizado pola Axencia Local de Colocación da Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.



Mª Jesús López Cernadas

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, asistiu ao acto conmemorativo do centenario da terapia ocupacional, organizado pola Asociación Profesional Gallega de Terapeutas Ocupacionales, celebrado o 27 de abril na Coruña.

O membro do Grupo de Traballo de Psicoxerontoloxía da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Guadalupe Oroña

Quintáns, asistiu ás XV Xornadas Interdisciplinares da Federación Alzhéimer Galicia (FAGAL) organizadas por FAGAL, que tiveron lugar o 10 de xuño en Santiago de Compostela.

O COPG e o Consejo General

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de la Psicología celebrada o 22 de abril en Madrid.

A decana do COPG e coordinadora do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología, M^a Rosa Álvarez Prada, en representación do Grupo de Traballo:

■ Participou na conferencia «¿Como previr a violencia de xénero? A cultura do bo trato» e no curso «¿Que papel xoga a psicoloxía na educación para a igualdade?», organizados polo Col legi Oficial de Psicología de les Illes Balears e celebrados respectivamente os días 11 e 12 de maio en Palma de Mallorca.


■ Asistiu ao III Encontro da Plataforma Universitaria de Estudos Feministas e de Xénero, organizado pola Universidad Autónoma de Madrid (UAM) e o Instituto Universitario de Estudios de la Mujer, celebrado o pasado 2 de xuño en Madrid.

■ Participou no acto de inauguración e coa conferencia «Violencia de xénero, igualdade e bo trato», na X Xornada de Psicoloxía e Sociedade: «O impacto das violencias machistas na personalidade das súas vítimas», que foi organizada polo Colegio Oficial de la Psicología de Castilla-La Mancha e celebrada o pasado 9 de xuño en Guadalajara.

A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu pola Área de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade do Consejo General de la Psicología a unha entrevista coa Dirección General de Tráfico (DGT) para coñecer a lei de circulación de tráfico, celebrada o día 18 de abril en Madrid.



M^a Rosa Álvarez Prada



Eva Muíño Gómez

Concurso de carteis «Pola Igualdade»

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través da Comisión Intersectorial de Xénero, con motivo do día Internacional da Muller, crea o concurso de carteis «Pola igualdade» co fin de que a obra que resulte premiada poida ser utilizada nas campañas de igualdade que desde o COPG se leven a cabo.

«O papel da Psicoxerontoloxía nos dispositivos a persoas maiores: dificultades na práctica diaria»

O Grupo de Traballo de Envellecemento da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organizou a primeira xuntanza de psicólogos/as psicoxerontólogos e **psicoxerontólogos** de Galicia, «**O papel da psicoxerontoloxía nos dispositivos de atención a persoas maiores: dificultades na práctica diaria**». Tivo lugar o 17 de xuño no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

X Concurso literario do COPG «Rosa de Cen Follas»



A Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia convocou a súa décima edición do Concurso Literario do COPG «Rosa de Cen Follas». Presentáronse 37 obras de narrativa e 31 de poesía.

O COPG ante o Proxecto de Contratación do Persoal Investigador de Galicia

O COPG solicitou ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, que este proxecto de Decreto polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia se paralice ata que se resolvan as súas deficiencias.

Acreditacións Nacionais do Consejo General de la Psicología

O Consejo General de la Psicología ten en marcha as seguintes acreditacións nacionais:

- Acreditación Nacional de Psicólogo Experto en Neuropsicología Clínica.
- Acreditación Nacional de Psicólogo Experto en Psicooncología e/ou Psicología en Coidados Paliativos.
- Acreditación Nacional de Psicólogo Experto en Psicología do Deporte.
- Acreditación Nacional de Psicólogo Experto en Psicología Aeronáutica.
- Acreditación Nacional de Psicólogo Experto en Psicología de Emerxencias e Catástrofes.

A tramitación en Galicia, a efectos de presentación de solicitudes e de recollida de documentación, realízase a través do Colexio Oficial de Psicología de Galicia. Para solicitala é preciso presentar os formularios e a documentación acreditativa de formación e/ou experiencia específica que se recolle na seguinte páxina web: www.acreditaciones.cop.es. A súa valoración será efectuada polos Comités de Valoración do COPG e posteriormente as certificacións serán emitidas polo Consejo General de la Psicología.

O procedemento de acreditación, no que se detallan os criterios e requisitos para a presentación de solicitudes, está dispoñible na seguinte páxina web: www.acreditaciones.cop.es.

IV Xornada do Movemento Galego da Saúde Mental

O pasado 17 de xuño, o Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM), do que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia forma parte, celebrou a IV Xornada do Movemento Galego da Saúde Mental en Santiago de Compostela.

Máis información en:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/iv_xornada_do_movemento_galego_saude_mental.pdf

Ampliación da Presentación de Comunicacions Escritas das IX Xornadas Estatais de Psicoloxía Contra a Violencia de Xénero



Ampliouse ata o luns 3 de xullo (inclusive), o prazo para presentar comunicacións libres nas IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero: «Abrindo o foco: a violencia de xénero, un problema con rostros», organizadas polo Consejo General de la Psicología e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Celebraranse os días 24 e 25 de novembro en Santiago de Compostela.

A través da seguinte ligazón pódese acceder ao formulario de presentación <https://xornadasviolenciaxenero.copgalicia.gal/comunicacions>

ACHEGAS DA PSICOLOXÍA

O 16 de xuño celebramos a novena edición do acto Achegas da Psicoloxía en Santiago de Compostela.

É un encontro anual para todas as persoas colexiadas onde realizamos a entrega do noso galardón o Premio Dolores Llópiz: Psicoloxía e Sociedade. Este recoñecemento creouse para distinguir unha persoa, unha institución ou unha asociación pola súa contribución ao desenvolvemento da psicoloxía en calquera dos seus eidos.

Tivo lugar a conferencia «Nenos, nenas e mozos/as resilientes, unha mirada desde Aldeas Infantiles» na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) co relator Fernando Ferro Ares, psicólogo do Programa de Protección Aldeas Infantiles SOS.

Fíxose entrega do Premio Dolores Llópiz: Psicoloxía e Sociedade, que este ano 2017 o COPG dedica «Pola infancia», o cal recaeu na Fundación Andrea, co que se pretendeu significar o importante labor que veñen desenvolvendo pola infancia en Galicia, apoiando as familias dos nenos e das nenas que padecen enfermidades longas ou crónicas.

Efectuouse un recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que levaban 25 anos de vida colexial.

Neste acto tamén se entregou a distinción de Colexiado de Honra do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a Manuel Filgueira Lois G-0002, co que se pretendeu enxalzar a dedicación e significar as achegas ao desenvolvemento do nosa profesión.

Galardón Dolores Llópiz: Psicología e sociedade 2017



Momento da intervención da decana,
Mª Rosa Álvarez Prada



Durante a entrega do Premio Dolores Llópiz:
Psicología e Sociedade á Fundación Andrea



Persoas que levan 25 anos de vida colexial



Manuel Filgueira Lois. Colexiado de Honra

15 de Xuño. día Internacional de toma de Conciencia do Abuso e Maltrato na Vellez

O día 15 de xuño celebrouse como cada ano o Día Internacional de Toma de Conciencia do Abuso e Maltrato na Vellez. A Asemblea das Nacións Unidas designou ese día co fin de concienciar do grave problema de saúde pública e de violación dos dereitos humanos que supón a violencia cara ás persoas maiores.

O Consejo General de la Psicología quere contribuír co manifesto difundido en todo o Estado á toma de conciencia desta problemática para que se participe de maneira activa na erradicación deste problema.

Achegas realizadas polo COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou achegas ao protocolo de coordinación e colaboración institucional para a Comunidade Autónoma de Galicia do Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Ditas achegas foron incorporadas ao protocolo.

Sinatura do Convenio para un Protocolo Municipal de Actuación para a Prevención de Desafiuizamentos en Compostela

O pasado 19 de xuño asinouuse o convenio de colaboración entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para levar adiante o programa piloto de intervención psicolóxica en casos de desafiuizamentos.

VII Edición do Premio Mozos e Mozas Psicólogos e Psicólogas Emprendedores 2017

Desde PSICOFUNDACIÓN, convocan a VII Edición do Premio Mozos e Mozas Psicólogos e Psicólogas Emprendedores 2017. O obxectivo do premio é fomentar a iniciativa, a creatividade e a innovación dos mozos e mozas psicólogos e psicólogas de España e dos países latinoamericanos.

Pódense consultar as bases na seguinte ligazón:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/bases_vii_edicion_premio_mozos_e_mozas_emprendedores_2017.pdf

O prazo de presentación de candidaturas remata o 31 de xullo de 2017.

Axudas a novos emprendedores

O Instituto Galego de Promoción Económica publica no DOG núm. 73, do 17 de abril de 2017, a resolución do 30 de marzo de 2017, pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a novos emprendedores e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Serán subvencionables os proxectos de creación de pequenas e medianas empresas por novos emprendedores, así como os proxectos de inversión para a ampliación de pequenas e medianas empresas xa creadas, sempre que cumpran os requisitos para ser consideradas novas PEMES.

Máis información no DOG núm. 73 do, 17 de abril de 2017, en http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170417/Anuncio092-270317-0002_gl.html

Medios de Comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode consultarse nas seguintes ligazóns da páxina web do Colexio: <http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa> e <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. Deseguido reproducense as ligazóns de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolo%C3%ADa-Galicia-4811703/about>



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

SERVIZOS AOS PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA COLEXIADOS E COLEXIADAS

Publicacións informativas, servizo de préstamo de material e fondo documental.

- Circular Informativa.
- Cadernos de Psicoloxía.
- Material de avaliación psicolóxica.
- Servizo de biblioteca na sede do COPG e da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Información sobre seguros e ofertas para os profesio- nais da psicoloxía colexiados e colexiadas.

- Seguro de responsabilidade civil coa correduría Broker's 88 a través de Markel, para a contratación do seguro máis económico.
- Seguro de vida e accidentes de saúde con MAFPRE.
- Seguro de asistencia sanitaria con ASISA E SANITAS.
- 10% de desconto nos aloxamentos de:
TusCasasRurais.com,
Hotelius Club e Oca Hoteles.

Oferta formativa, emprego e servizos profesionais.

- Programa formativo anual con axuda ás persoas desempregadas.
- Información laboral, distribución de ofertas formativas e información de convocatoria de oposicións.



O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- Utiliza instrumentos e métodos validados cientificamente.
- Actúa con imparcialidade, sobre todo cando teñas coñecemento que estás ante intereses persoais ou institucionais contrapostos.
- Solicita o consentimento informado expreso ao inicio da intervención.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.


SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Presentación da guía sobre acoso escolar

O pasado 8 de xuño a Xunta Directiva da Sección levou a cabo a presentación pública da guía «Axúdalle fronte ao acoso escolar», que tivo lugar na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e gozou dunha boa acollida entre as persoas asistentes.

Trátase dunha guía elaborada pola propia Xunta Directiva desde a práctica diaria, ante a necesidade de asesorar ás familias fronte ao acoso escolar que sofren moitos nenos e nenas e adolescentes no ámbito educativo. Nela danse pautas ás familias para a detección do acoso escolar e orientacións para facer fronte ao mesmo. Unha vez rematada a presentación celebrouse a asemblea anual de socias e socios da Sección na cal se tratou o informe da programación anual e o informe da tesourería.

A guía foi enviada mediante correo electrónico a todos os socios e socias da sección e está a disposición de todos os colexiados e colexiadas na seguinte ligazón: https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/guia_axudalle_frente_ao_acoso_escolar.pdf



«Axúdalle fronte ao acoso escolar»

Atención á infancia e á adolescencia

A presidenta da Sección, Manuela del Palacio García, reuniuse o pasado mes de maio cos representantes das distintas seccións do COPG nunha sesión de traballo do recentemente creado Grupo de Traballo Intersectorial de Actividades do COPG 2017 pola Infancia. Nesta primeira reunión do grupo acordouse celebrar una xornada sobre atención á infancia e á adolescencia no próximo mes de outubro. Desde a Sección propuxéronse diversos temas sobre os que versaran os relatorios.

Necesidades educativas dos nenos e nenas prematuros

Elaborouse un comunicado para aclarar algúns aspectos relacionados co proceso de ensino-aprendizaxe dos nenos e nenas prematuros e dar unha resposta axeitada ás súas necesidades educativas. Nel quíxose reivindicar, como profesionais da psi-

coloxía educativa que somos, unha atención á diversidade, cos recursos materiais e humanos que favorezan unha inclusión real do alumnado prematuro nos centros educativos.

Este comunicado está a disposición de todos os colexiados e colexiadas na seguinte ligazón: https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/np_escolarizacion_nenos_nenas_prematuros_0.pdf

Eleccións Xunta Directiva

Con data 22 de xuño de 2017, a Comisión Electoral procedeu á proclamación definitiva da nova Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia coa composición que de seguido se detalla:

Manuela Del Palacio García (G-3628), *Presidenta*
Ana María Ulloa Lage (G-1118), *Vicepresidenta*
M. Asunción Teijeira Bautista (G-1246), *Secretaria*
María Begoña Castro Iglesias (G-3093), *Tesoureira*
Nuria Lago Fernández (G-3639), *Vogal*
Concepción López Martín (G-2981), *Vogal*
Purificación Albarte Iglesias (G-0690), *Vogal*

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía Educativa da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/educativa>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación realizada

Yolanda Castro Casanova, facultativa especialista da Área de Psicoloxía Clínica na Unidade de Rehabilitación Psiquiátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, con ampla experiencia docente e asistencial foi a relatora do curso «A primeira entrevista en psicoloxía clínica», que tivo lugar os pasados días 9 e 10 de xuño en Santiago de Compostela. O curso tivo unha orientación práctica e abordáronse cuestións como as fases dunha primeira entrevista clínica, a importancia da alianza terapéutica e a planificación do traballo e os obxectivos en colaboración co cliente.

Formación prevista

Os vindeiros 29 e 30 de setembro celebrarase no Hospital de Oza de A Coruña o curso «**Terapia de grupo no contexto hospitalario e atención primaria**». Terá unha duración de 12 horas e será impartido polos psicólogos clínicos **Miguel Gárriz Vera**, director do grupo de traballo de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria de Cataluña e responsable do Programa de Tratamentos Grupais no Instituto de Neuropsiquiatría e Adiccións (INAD) de Barcelona, e **Jorge García Fernández**, doutor en Psicoloxía con ampla experiencia na condución de grupos de atención psicolóxica para persoas con enfermidade física no Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña. Alicia Carballal Fernández, vogal da Sección de Psicoloxía e Saúde, encargárase dos labores de coordinación. Será unha oportunidade para abordar os fundamentos da terapia grupal e as distintas ferramentas clínicas coas que enriquecer a práctica profesional.

Para o próximo mes de outubro, o día 21, temos programado no Hospital Sta. María Nai de Ourense o curso «**A caixa de area como ferramenta en psicoterapia**», impartido por **Raquel E. San José**, psicóloga clínica fundadora do Centro de Psicoterapia Agarimo de Pontevedra. A relatora conta con experiencia docente e clínica no traballo con nenos e nenas e adolescentes e na aplicación desta técnica. As persoas encargadas da coordinación do curso serán Yolanda Maroño Souto, psicóloga colexiada especialista en psicoloxía clínica e membro da Sección, e José Eduardo Rodríguez Otero, secretario da Sección.

XXII Xornadas da Sección e eleccións da nova Xunta Directiva

Continúa o traballo de organización das vindeiras xornadas da nosa Sección, que terán lugar os días **16, 17 e 18 de novembro** en Betanzos (A Coruña) e levarán o título de «**Mal de moitos, tarefa de todos. Unha ollada ao estrés desde o comunitario**».

O obxectivo destas xornadas é reunir o maior número posible de profesionais da saúde e reflexionar sobre como vén afectando o momento cultural, político, económico e social que atravesamos á saúde mental das persoas. Queremos falar do «estrés» tendo en conta o contexto no que vivimos e como moitos dos problemas que traen os pacientes á consulta non se resolven especifi-



«Mal de moitos, tarefa de todos. Unha ollada ao estrés desde o comunitario»

*Ligazón ao apartado da
Sección de Psicoloxía e
Saúde da páxina web do
COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>*

camente con psicofármacos ou con psicoterapia, senón que son resultado dun modelo concreto de organización comunitario: políticas económicas e sociais, reparto de roles (feminino/masculino) e xestión de recursos que afectan negativamente ás vidas das persoas. Entendemos que é tarefa de todas e todos resolver esta situación desde unha perspectiva multidisciplinar.

Por outra parte, na asemblea de socios e socias que terá lugar o día 17, celebraremos a **xornada electoral** na que se elixirá a **próxima Xunta Directiva** da Sección de Psicoloxía e Saúde, cuxa convocatoria se publicará en breve. Lembrade que tedes que figurar como inscritos/as na Sección previamente á publicación da devandita convocatoria para poder participar no proceso electoral.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Orientación e intervención sociolaboral

Os traballos realizados no transcurso dos últimos meses polo Grupo de Traballo sobre Orientación Sociolaboral da sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións permitiu perfilar a campaña de visibilidade da profesión e o rol profesional do orientador/a profesional laboral no ámbito da administración pública. A recollida de datos efectuada, a documentación tratada e a elaboración dun mapa de competencias e funcións profesionais facilitou deseñar un itinerario que se fixo chegar en diferentes formatos aos departamentos de persoal/emprego e formación de concellos, deputacións e consellerías da Xunta de Galicia.

Esta campaña de divulgación realizouse no transcurso do mes de xuño e o contido do documento, ademais das competencias profesionais, salienta a mobilidade do psicólogo ou psicóloga en orientación sociolaboral, as áreas de coñecemento de acceso á profesión e os ámbito actuais e potenciais nos que se exerce a profesión.



Psicoloxía na Orientación
Sociolaboral

Para ver o documento acceder ao seguinte enlace: <https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-do-traballo-e-das-organizacions/psicologia-na-orientacion-sociolaboral>

Inscripción na Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións e na División de PTORH

Convidase os colexiados e colexiadas a inscribirse na Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións do COPG e a participar nas distintas actividades, grupos de traballo, accións formativas, sesións técnicas, foros, e en aqueles proxectos de interese profesional que se vaian consolidando nos distintos ámbitos da actuación profesional.

Ao mesmo tempo, recordase que segue aberta a inscrición para formar parte da División de Psicología del Trabajo, de las Organizaciones y los Recursos Humanos (PTORH) del Consejo General de la Psicología, na cal tamén se pode participar e integrarse en proxectos específicos conxuntamente con profesionais doutros colexios territoriais. A División de PTORH ten como obxectivo unificar a nivel nacional o ámbito profesional así como coordinar, integrar e desenvolver actividades científico–profesionais e velar por unha práctica profesional acorde co código deontolóxico.



*Podes ampliar información na seguinte ligazón:
www.cop.es/ptorh/*



HOMOLOGADO POLA
FEDERACIÓN ESPAÑOLA
DE ASOCIACIONES
DE TERAPIA FAMILIAR
EFTA, MEMBERSHIP

PSICOESTUDIO

Telf: 986 295 621

N. R. S.: C-36-001546

KARMA

Telf: 986 471 439

N. R. S.: C-36-000861

www.formacioncambio.com
psicoestudio@psicoestudio.com
karmapsicologia@mundo-r.com

Grupos reducidos
Seminarios con especialistas
Prácticas in vivo supervisadas
Horarios e contidos adaptados
ao/a alumno/a ou profesional interesado/a

equipo de formación e supervisión:

José Manuel González Alonso
Celia Cameselle Taboada
José Antonio Muñiz Torrado
Manuel Lopo Lago

colaboradores asociados:

Emilio Gutiérrez García
(Unidade Venres Clínico
Universidade Santiago de Compostela)

José Luis Rodríguez-Arias Palomo
(Complejo Hospitalario Universitario A Coruña, C.H.U.A.C.)

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Simulacro e plan de emerxencia

Como parte das actividades previstas dentro do plan de emerxencias da empresa CEPESA, situada en Maside (Ourense), no transcurso do mes de maio desenvolveuse un simulacro de intervención, no que se contou coa participación de membros do GIPCE.

Actividade formativa do GIPCE

Como acción formativa interna, o 27 de maio celebrouse o curso «Intervención con poboacións especiais, multiculturalidade e diversidade funcional», no cal se abordaron as principais diferenzas que se deben ter en conta tanto na elaboración do dó como nos ritos funerarios noutras relixións presentes na nosa comunidade. Así mesmo, abordáronse estas situacións críticas con persoas que presentan diferenzas funcionais, coa intervención presentada pola compañeira M^a Carmen González Hermo, da

Asociación AMBAR das Persoas con Diversidade Funcional, situada na Pobra do Caramiñal.

En canto ao programa de formación externa, Fátima López Rodríguez, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, impartiu no mes de maio en Lugo unha charla sobre o apoio psicolóxico en emerxencias, dentro do programa de formación para obter o certificado de profesionalidade de transporte sanitario.



Durante a celebración do curso

Outras informacións de interese

Xa se pode iniciar o proceso para acadar a Acreditación Nacional en Psicoloxía de Emerxencias. Os requisitos para a súa solicitude pódense consultar no seguinte enderezo electrónico: <https://copgalicia.gal/novas/informacion-sobre-acreditacions-nacionais>. A coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu ás xornadas «Intervención sanitaria na cidade de Barcelona en caso de gran emerxencia. Falemos de saúde mental. A experiencia de París como referencia», organizadas polo Col legi Oficial de Psicología de Catalunya, celebradas en Barcelona o 25 e 26 de

maio. O día 25 celebrouse unha sesión de traballo a que acudiron xestores de emerxencia dos distintos ámbitos e comunidades co fin de coñecer, dialogar e compartir a experiencia na xestión de situacións de emerxencia e así establecer criterios e pautas para a prevención e actuación ante este tipo de feitos. O relatore Muriel Prudhomme, adxunta ao subdirector de Saúde de París e Véronique Istria, responsable da Misión en Santé mentale de París, compartiron a súa experiencia e coñecementos tras liderar a organización e intervención psicolóxica durante os atentados ocorridos en París o 13 de novembro de 2015.



Momento das xornadas

Ligazón ao apartado do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE): <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>

As actuacións da Comisión da Defensa da Profesión que, no seus comezos, centraron os seus esforzos e atencións nos labores de loita contra o intrusismo, como elemento e medio de garantir un servizo de calidade á sociedade galega, van estendendo o seu campo á cooperación con profesións que inciden de xeito determinante na vida, nas opinións e nas condutas dos nosos veciños e veciñas. É o caso do Colexio Profesional de Xornalistas. O labor desenvolvido polo Grupo de Traballo de ambos os dous colexios profesionais deu como resultado:

- Seleccionar cinco temas de interese e repercusión públicos que concirnen a estes profesionais repetidamente.
- Elaborar criterios de boa praxe deontolóxica para eses temas.
- Deseñar unha xornada de presentación á sociedade galega do decálogo relativo e pertinente.

Tal evento, pechado xa no seu deseño, terá efecto no próximo mes de outubro, que se fará público cando pareza doado. Do mesmo xeito, avanza os contactos e as confluencias dentro da Unión Profesional de Galicia (UPdG).

Os colexios integrantes están ocupados na organización dun evento de reflexión e análise de temas e intereses comúns:

**COMISIÓN PARA
A DEFENSA
DA PROFESIÓN
E PARA A
PREVENCIÓN
DO INTRUSISMO**

- Lei de Servizos Profesionais.
- Relacións con asociacións de consumidores.
- Servizos de calidade.
- Regulación das profesións e competencia desleal.
- Precariedade e subemprego.

O programa da xornada darase a coñecer oportunamente.

Por outra parte, a comisión atendeu tamén as demandas e as denuncias de intrusismo que, principalmente, os colexiados e colexiadas, pero, tamén, outra xente nos fan chegar. No ánimo da Comisión está sempre presente, por unha banda, actuar desde o máis exquisito respecto aos datos que corroboren a obxectividade da denuncia e, por outra, salientar o fin derradeiro: a garantía do servizo dos profesionais colexiados, eficaz e respectuoso cos intereses dos nosos demandantes.

Finalmente, esta comisión manifesta a súa sorpresa perante determinadas noticias relativas a campos específicos de actuación profesional. Nuns casos, polas denominacións escollidas (como psicoxerontoloxía) que poden propiciar a repetición de erros pasados (psicopedagogía), abrindo involuntariamente espazos a novas titulacións e, noutros, polo risco de amparar unha fragmentación excesiva das prácticas profesionais, desvirtuando a especialización mesma (sirvan como exemplo as acreditacións anunciadas polo Consejo General de la Psicología).

A Comisión considera que estas prácticas deben ser obxecto de reflexión estratéxica polos órganos colexiais para propiciar exclusivamente aquelas que respondan aos intereses globais de desenvolvemento científico-profesional da psicoloxía para o seu mellor servizo á sociedade.

*Ligazón ao apartado da
Comisión de Intrusismo da páxina web do
COPG: [https://copgalicia.gal/grupos-comisiones/
comision-para-a-defensa-
da-profesion-e-para-prevencion-do-intrusismo](https://copgalicia.gal/grupos-comisiones/comision-para-a-defensa-da-profesion-e-para-prevencion-do-intrusismo)*



Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e desde a Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo pretendemos erradicar o intrusismo profesional na nosa profesión e poder ofrecer ás persoas usuarias do servizo a seguridade de ser atendidas por profesionais con titulación axeitada para garantirlles a mellor calidade.

Sesión formativa sobre o deterioro cognitivo

O día 11 de marzo tivo lugar na sede do COPG a sesión formativa «Avaliación do deterioro cognitivo nos condutores: alternativas ao MMSE/MEC» impartida por Manuel del Amo Camacho, psicólogo con exercicio profesional nun hospital público en Madrid e con ampla experiencia en valoración neuropsicolóxica así como en centros de recoñecemento. O obxectivo da actividade consistiu en achegar ás persoas asistentes unha visión global do deterioro cognitivo e das principais funcións implicadas na condución.

Continuando coas iniciativas formativas informamos de que xa está na páxina web a información relativa ao curso teórico-práctico «A psicoloxía nos centros de recoñecemento» que vai ter lugar o día 18 de novembro na sede do COPG. Para ampliar información: https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/i_curso_teorico_practico_a_psicologia_nos_centros_de_reconecemento.pdf



Durante a celebración do curso

Colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC)

O día 30 de marzo a coordinadora do Grupo, Eva Muíño Gómez, entrevistouse con Xosé Antón Gomez Fraguela, profesor e investigador do Departamento de Psicoloxía clínica e psicobioloxía da USC, para coordinar a colaboración nos proxectos de fin de Grao do alumnado vinculado coa seguridade viaria. Os traballos estarán relacionados co seguimento a longo prazo das intervencións que desde o Grupo se levan realizando con persoas penadas por delitos relacionados co tráfico nos últimos tres anos.

Entrevistas co fiscal delegado de Seguridade Viaria de Galicia e co director xeral de Tráfico

A coordinadora do Grupo, Eva Muíño Gómez, mantivo unha entrevista en Vigo o pasado 6 de abril co fiscal delegado da

Seguridade Viaria de Galicia, Carlos Gil García. Á reunión tamén acudiu Hipólito Puente Carracedo, vicedecano do COPG. A entrevista tivo como obxectivo buscar vías de colaboración para atallar a preocupación pola alta reincidencia en delitos relacionados coa seguridade viaria.

Así mesmo, informamos de que o colexio puxo en marcha en 2016 unha dinámica de traballo conxunto coas xefaturas de Tráfico da nosa comunidade, coa Concellería de Sanidade e coa Garda Civil, co fin de loitar en favor da seguridade viaria relacionada coas persoas maiores nas estradas galegas. A finalidade desta colaboración e comunicación é a abordaxe da condución nas persoas maiores así como as cuestións relacionadas coa mobilidade.

O pasado 18 de abril, Eva Muíño Gómez asistiu a unha entrevista co director xeral de Tráfico, Gregorio Serrano López, que tivo lugar en Madrid e á cal asistiron tamén Fernando Sanz e Jesús Cabezos, asesor e vogal respectivamente na Área de Tráfico e Seguridade do Consejo General de la Psicología. Na mesma presentáronse as propostas dos/as profesionais da psicoloxía deste país ante as manifestacións de revisión e posibles cambios de mellora no sistema do programa por puntos en España.

*Ligazón ao apartado
do Grupo de Traballo e
Seguridade da páxina web
do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/trafico-e-seguridade>*

COMISIÓN PSICOLOXÍA DO DEPORTE

O pasado 22 de maio a decana do colexio, M^a Rosa Álvarez Prada, e a coordinadora da Comisión de Psicoloxía do Deporte do COPG, M^a Dolores González Fernández, reuníronse coa secretaria xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Marta Míguez Telle, coa intención de presentar institucionalmente a Comisión de Psicoloxía do Deporte, as súas funcións, actividades e ámbitos de aplicación. Así mesmo, solicitouse a inclusión dos profesionais da psicoloxía nas diferentes actuacións que se levan a cabo desde a secretaría, tales como as campañas contra a violencia no deporte ou o fomento dos hábitos saudables.

*Ligazón ao apartado da
Comisión de Psicoloxía do
Deporte da páxina web do
COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/psicologia-do-deporte>*



GRUPO DE TRABALLO DE PSICÓLOGOS E PSICÓLOGAS DOS CIMS

Membros do Grupo de Traballo de Psicólogos
e Psicólogas dos CIMS

O Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIMS reactivou a súa andadura o 29 de abril cunha xuntanza no COPG, onde se reorganizou a estrutura interna do Grupo e se estableceron obxectivos como eixos fundamentais e prioritarios do seu traballo.

No Decreto 130/ 2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e procedemento para o recoñecemento e a acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, os CIMS configúranse como un conxunto de recursos das entidades locais, desde os cales se articula una intervención global dirixida ás mulleres e que proporciona asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre homes e mulleres, e da prevención e loita contra a violencia machista.

Actualmente hai 83 CIMS en toda Galicia. Na seguinte ligazón pódese atopar información da rede de CIMS de Galicia: <http://igualdade.xunta.gal/es/recursos/centros-de-informacion-las-mujeres?page=8>



O Grupo de Traballo dos CIMs está formado por 16 psicólogos colexiados e psicólogas colexiadas que teñen os seguintes obxectivos estruturais principais da súa reactivación:

- Dar visibilidade profesional e social ao traballo levado a cabo polos CIMs.
- Promover unha formación especializada para as e os profesionais dos mesmos.
- Consensuar criterios de actuación e avaliación.
- Mellorar estruturas de coordinación para unha abordaxe máis integral.
- Elaborar unha guía de documentación común para a práctica.

Ligazón ao apartado do Grupo de Traballo de psicólogos e psicólogas dos CIMs: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/grupo-de-traballo-de-psicologos-e-psicologas-dos-cims>

Así mesmo, participará de xeito transversal noutros grupos de traballo como na Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio, no Grupo de Traballo da Sección de Xornalismo e no Grupo de Traballo sobre Menores Vítimas de Violencia de Xénero dos programas de violencia de xénero.

En breve informarase en novas da ligazón ao apartado do Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIMs: <https://copgalicia.gal/novas>

CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Pola loita contra
o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo

—



XORNADA ESTATAL DE
PSICOLOXÍA CONTRA A
VIOLENCIA DE XÉNERO



Abrindo o foco

A violencia de xénero,
un problema con rostros

24 _ 25/11/2017 ► AUDITORIO ABANCA/ Santiago de Compostela

xornadasviolenciaxenero@copgalicia.gal

www.xornadasviolenciaxenero.copgalicia.gal

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

**Servizo de Información
de interese para os co-
lexiados e colexiadas**

*O COPG non asume
–agás nos casos en que
sexa o organizador–
nin o contido nin a
metodoloxía dos cursos
que se relacionan nesta
Circular.*

*Pódense consultar os
cursos, xornadas e
congresos que non
son organizados polo
Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia no
apartado de Formación
Externa no seguinte
enlace da páxina web
do COPG:*

**[www.copgalicia.gal/
actividades/externas](http://www.copgalicia.gal/actividades/externas)**

ORGANIZA



COLABORA



CIRCULAR

INFORMATIVA

Contido:

Editorial

Información Xeral

Información Seccións

Comisión de Ética e Deontoloxía

Últimos Colexiados/as



Cursos, Xornadas e Congresos

Servizos aos colexiados

Medios de comunicación

Relacións Institucionais

Avisos e anuncios



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia



Rúa da Espiñeira, 10 -Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Verán

*Do 1 ao 30 de xuño e do
1 ao 30 de setembro*
Luns, mércores, xoves e venres
de 8.00 a 15.00 h,
Martes de 8.00 a 20.00 h
Do 1 de xullo ao 31 de agosto
De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Redes sociais

f Facebook:
www.facebook.com/copgalicia

t Twitter: @copgalicia

in LinkedIn: www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionais
de Psicoloxos

LA
POLI
NEA